



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 9/2021

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Ordes, a vinte e oito de outubro de dous mil vinte e un.

No Auditorio da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D<sup>a</sup>. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.
- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.

Non asiste:

- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

#### 1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR 30/09/2021.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 30 de setembro de 2021, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 30 de setembro de 2021, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

### **2. INFORMES DA ALCALDÍA.**

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que quere facer unha aclaración con respecto ao Pleno anterior sobre a información que indicou non punto de rogos e preguntas en relación coa recepción do informe favorable do Servizo de Demarcación de Estradas do Estado en Galicia en relación con PXOM, o que non é correcto, o informe favorable recibido foi o de Telecomunicacións. Ao longo deste mes mantívose unha reunión sobre o PXOM o 19/10/201 na Axencia Galega de Infraestruturas. Augas de Galicia pediu documentación complementaria ao equipo redactor para a subsanación de deficiencias do documento correspondente á aprobación inicial. Recibiuse o informe favorable da Deputación Provincial, como xa se informou. O luns 25/10/2021 mantívose unha reunión para a subsanación de deficiencias no informe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

### **3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2021, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

### **4. MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas a Sra. Alcaldesa en funcións pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Desde fai anos o concello de Ordes ten arrendados por ADIF os terreos da antiga estación de tren da Pontraga.

Noutros concellos, a base de negociar con ADIF e logo de tramitar o correspondente expediente de desafección, foron quen de conseguir a cesión de antigas estacións ferroviarias incorporándoas ao seu inventario de bens municipal.

O exemplo mais recente témolo no veciño concello de Oroso, onde o ano pasado incorporaron a antiga estación de tren de A Garga ao seu inventario de bens municipal e na actualidade está a negociar a cesión do almacén da antiga estación de Vilacide. Outros como o concello de Padrón ou o de Láncara, tamén están a negociar este trámite para conseguir a cesión das estacións de tren en desuso existentes nos seus concellos.

Coa desafectación dos terreos e das construcións da antiga estación de tren da Pontraga e a súa cesión ao noso concello, por unha banda aforraríamos ter que pagar un alugueiro ao ADIF e por outra, teríamos a seguridade de investir fondos en bens que forman parte do noso inventario de bens municipal, sen depender de contratos de arrendamento onde ao remate da vixencia dos mesmos, os citados bens retornan ao seu propietario, neste caso ADIF.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1- O Pleno do concello de Ordes manifesta o interese en que ADIF ceda ao concello de Ordes os terreos e as construcións da antiga estación de tren da Pontraga, de xeito que formen parte do seu inventario de bens municipal. Este interese ampárase na necesidade de destinar os citados bens a dotacións públicas e servizos complementarios de apoio á Vía Verde.

2- O Pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a:

- Iniciar conversas con ADIF co gallo de tramitar o correspondente expediente de desafección dos terreos e das construcións da antiga estación de tren da Pontraga.
- Negociar a cesión dos citados bens ao concello de Ordes, extinguindo o contrato de arrendamento unha vez efectuado dito trámite”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, por maioría de oito votos en contra (grupo político PP), seis votos a favor (2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, esta foi rexeitada, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Intervén o Sr. Alcalde, que explica o motivo do voto en contra á urxencia da moción presentada, sinalando que esta incumpre novamente o art. 38.2 do Regulamento orgánico municipal. Tamén o art. 44.6 do mesmo, están a falar dunha proposta de actuación municipal dirixida a organismos do goberno municipal, especialmente o contido do acordo segundo. Ademais disto, está moi acostumado a falar de categorías, comparar primeira con segunda división. É de parvulario, veñen cunha moción que di un montón de mentiras, non llo van a consentir. Primeiro, moción sobre desafección da antiga estación da Pontraga. Está desafectada dende o 2005. Non están a falar de algo que haxa que facer, é algo que leva moitos anos feitos, en concreto o 01/06/2005, conforme ao artigo 34 da Lei 39/2003. Así figura xa no primeiro contrato que foi formalizado polo Concello de Ordes o 17/03/2008, con data de finalización o 16/03/2033, en base a unha solicitude formalizada o 08/01/2008. Soamente con terse preocupado un pouquiño o que é a administración municipal, os contratos que ten vixentes e como estes funcionan, xa estaríamos evitando unha moción que non ten contido, nin sentido por que a desafección xa existe e está vixente dende fai máis de dezaseis anos. Minte tamén cando da a entender que estes concellos reciben a estación de Vilacide, a estación da Garga ou en Padrón ou Láncara de maneira totalmente gratuíta. Falso tamén. Se non se adicase exclusivamente a ler a prensa ou utilizar copias e pega do que lle interesa como fai habitualmente, tería comprobado simplemente dirixíndose a estas administracións. O Concello de Oroso ten un convenio a vinte e cinco anos para a estación da Garga e para a estación de Vilacide propuxéronlle un convenio a oito anos. Van ter que pagar como todos os concellos que teñen terreos do ADIF un canon anual polo uso desa instalación, moi similar ao que pagaba o Concello de Ordes que despois lle indicará como se negociou e minorou en grande medida. O mesmo coa estación de Vilacide e co concello de Padrón, que ten un dereito de uso pactado de dez máis cinco anos e cun importe de seiscentos euros máis ive, cun IPC dun dous por cento anual. Polo tanto non queiramos confundir para nada aos veciños do noso concello de que se poden facer negociacións de xeito gratuíta con bens inmobles doutras administracións. Indicarlle así mesmo que en decembro de 2020 xa se trataron estes e outros asuntos coa renovación do contrato, que a día de hoxe está ampliado ata 08/02/2046, por que era preciso regularizar esta situación para poder acometer unha serie de actuacións financiadas con fondos doutras administracións como a día de hoxe está a facer a Mancomunidade do Obradoiro de garantía xuvenil. Foi negociado coa Dirección Xeral do Negociado de Operacións Comerciais, co Xefe de Xestión Patrimonial 1 da Área Noroeste a posibilidade de que o concello poida adquirir estes terreos, non contemplan a cesión gratuíta, si a posible venda, está pendente de aportar unha valoración que ten que facer a empresa SEGIPSA, que están pendentes de recibir. En canto aos importes cando este grupo político chegou ao goberno no ano 2005, o alugueiro que se pagaba mensualmente era de 750 euros máis ive, negociáronse no ano 2015 unhas novas cantidades, anos 2016-2017 cen euros máis ive, anos 2018-2019 centro trinta euros máis ive, anos 2019-2020-2021 cento corenta euros máis ive. Para que teña constancia do que é unha xestión e non unha moción trapalleira como a que trae aquí. O aforro nestes tres anos ascende a 53.857 euros.

O Sr. Ribadas Gómez, concelleiro non adscrito, incorpórase á sesión.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A suba progresiva anual dos valores catastrais provoca que de non retocar axeitadamente o tipo impositivo aplicado, os recibos que lle chegan á veciñanza vaian subindo tamén.

Chegados ao pleno ordinario do mes de outubro, e sen que fose convocada ningunha comisión informativa ao respecto por parte do goberno municipal, de pretender modificar o tipo impositivo é preciso tramitalo en tempo e forma para que poida ser aplicable de cara ao ano 2022.

Outro debate que poñemos sobre a mesa desde o grupo municipal do BNG de Ordes, radica no establecemento dunha bonificación ás persoas propietarias de terreos urbanos que están sendo utilizados como aparcadoiros disuasorios ou “leira-parkings”.

Esta bonificación podería encaixar no suposto de causas sociais que recolle a lexislación, dado que resulta indubidable que o citado uso de aparcadoiro beneficia ao conxunto da veciñanza, sendo xusto aplicar esta compensación ás persoas propietarias dos terreos.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1- O Pleno do concello de Ordes considera necesario acometer unha modificación da ordenanza fiscal nº1, reguladora do imposto sobre bens inmobles, para rebaixar o tipo impositivo do IBI e establecer unha bonificación aos bens utilizados como aparcamentos disuasorios.

2- O Pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a:

- Convocar a comisión informativa permanente de contas, facenda e persoal.
- Incluír na orde do día do pleno correspondente un punto sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles, de xeito que a modificación poida ser efectiva de cara ao ano 2022”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, por maioría de oito votos en contra (grupo político PP), sete votos a favor (2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribada Gómez), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, esta foi rexeitada, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que explica o motivo do voto en contra á urxencia da moción presentada, sinalando que se remite novamente ao art. 44.6 do Regulamento



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

orgánico municipal, que vai sendo hora de que o teña sempre en consideración. Insiste no mesmo, xa o viña facendo en anos precedentes, o fixo o ano pasado coa reserva dun voto particular e agora novamente a través dunha exposición de motivos que altera gravemente, baixo o seu plantexamento, o que debe facer unha oposición seria, loxicamente rigorosa na xestión da administración municipal das súas competencias. Primeiro, un debate que poñen aquí enriba da mesa e que xa foi máis que analizado, bonificación ás persoas propietarias de terreos urbanos, remítese novamente aos informes reiterados da intervención, artigo 133 CE, artigo 8 LXT e art. 73 da LRFL. Esa bonificación non é posible, non é legal e non se pode aprobar. Siga vostede por ese camiño que non o leva a ningún lado. Cando consiga convencer ao interventor municipal e teña un informe favorable, como xa lle dixo en múltiples ocasións, non é a primeira, sentaranse aquí. Non veña máis aquí con estas cuestións a facernos perder o tempo. En relación coa necesidade de modificar unha ordenanza fiscal que plantexa ao instar ao alcalde. É algo que está máis que debatido. O tipo no ano 2020 era do 0,50. O ano pasado se fixo unha proposta de modificación de ordenanzas fiscais para os anos 2021 e 2022. Así está recollido no informe de intervención de 27/10/2020, que foi aprobado no pleno do 04/11/2020. Remítese ao sinalado nese pleno, no que fixo unha reserva de voto particular no que propoñía un tipo do 0,45. Non van enredar nisto, non conta cos votos suficientes, esta no seu dereito. Para o cal a recadación de rústica e urbana no ano 2021 minorouse ne máis de vinte e tres mil euros. De cara os anos 2023 e seguintes fixarase un novo tipo tamén para seguir mantendo conxelado o incremento que ven sendo paulatino. Segue a mentir unha e outra vez de que o recibo subiu un vinte por cento, xa se lle dixo en múltiples ocasións que iso é falso, os veciños o saben cada vez que ollan os recibos. Vostede busca o titular fácil para as súas redes sociais que é o que sabe facer. Segue a dicir o mesmo e segue a mentirlle aos veciños. É certo que se produciu unha regularización de determinados bens, que vostede facendo alarde é increíble que sexa quen de quere trasladarlle á veciñanza que poida estar de acordo que uns veciños paguen o imposto polos seus inmoble e outros non. Defendeu isto en numerosas ocasións ante este pleno o que é unha auténtica vergoña dun voceiro dun grupo municipal da oposición. Visto isto con facer unha pequena consulta en google sobre a posibilidade de modificación dunha ordenanza fiscal a través dunha moción aprobada polo pleno municipal. A conclusión é clara, ás mocións e propostas de resolución aprobadas polo pleno non poden alterar o réxime de atribucións dos órganos da corporación. Se ben é posible que a oposición inste a modificación da ordenanza, dito proceder non tería efectos xurídicos. Dita instancia para a tramitación da ordenanza non poderá basearse en criterios de oportunidade, que é o que vostede fai. Ser un oportunista. Toda vez que o equipo de goberno ten a potestade de deseñar a política fiscal, que enlaza coas atribucións para a aprobación do orzamento municipal e que corresponden única, exclusivamente e estritamente a alcaldía.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que solicita intervir por alusións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non ten unha quenda adicional de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o está insultando continuamente.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten unha chamada á orde. Á segunda chamada estará vostede expulsado do pleno. Non o está insultando, está a dicirle a realidade.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que lle pide respecto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten unha segunda chamada á orde Sr. Vidal. Á terceira chamada terá que abandonar o pleno.

### 5. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, a Sra. Alcaldesa en funcións abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes.

- Debido ás queixas recibidas de pacientes do grupo “Taller de relaxación” impartido no Centro de Saúde de Ordes, nas que expresan o seu malestar por non ter un espazo con amplitude suficiente habilitado para tal fin para levar a cabo os exercicios que lles ensinan os profesionais de dito centro, ca agravante das normas COVID (uso de máscara, distancia,...) e, tras confirmar esta situación cos profesionais do Centro de Saúde no que nos explican que a sala que estaba destinada para os citados talleres de relaxación e para os cursos de preparación ao parto está sendo usada como Sala COVID e de PCR. Estes mesmos profesionais confirman que a matrona tamén carece de espazo habilitado para impartir os cursos de preparación o parto.

Estes profesionais explicáronnos que precisan unha sala mais grande (con espazo suficiente para os 15 pacientes e mais o profesional que imparte o taller), con enchufes e acceso a Internet, libre de distraccións, é dicir, valeira, sen adornos ou carteis rechamantes, so con cadeiras para os participantes nestas actividades (no caso das esterillas cada un leva a súa) e de fácil desinfección e acceso.

Nestes momentos estase a impartir o terceiro destes talleres de relaxación que comezaron en setembro (ademais dos de preparación ó parto impartidos pola matrona estanse impartindo ademais outros talleres: “Habilidades sociais”, “Relaxación semanal” (no que participan pacientes que xa pasaron polo taller



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

de relaxación), “Ventilación emocional”, talleres que foron reforzados grazas as campañas de concienciación que se están levando acabo para sensibilizar a poboación sobre a saúde mental e a prevención de suicidios

Solicitamos ao señor Alcalde:

Señor Alcalde a recolocación dos grupos afectados a un espazo conveniente para o bo desenvolvemento de ditas actividades mentres non conte o Centro de Saúde con unha sala acondicionada para este fin.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que son coñecedores desta situación. Non momento que xurdiu o problema Covid xa se puxeron a traballar neste asunto. Tiveron unha reunión co Centro de Saúde e co concelleiro de Sanidade. Presentouse un proxecto básico de obras no Centro médico, estase preparando o procedemento para licitar a obra. as matronas de Ordes están facendo educación maternal individualizada. A finais da semana pasada comunicaron que queren facela grupal, están á espera de que presenten a proposta por escrito para valorar a dispoñibilidade de instalacións municipais e o correspondente convenio.

- Despois do desafortunado accidente ocorrido o 22 de outubro do corrente, e so co ánimo de mellorar e evitar no posible outros accidentes, consideramos que a escalinata que baixa cara a rúa do Muíño conta con varias deficiencias que incumben á seguridade e que consideramos deben emendarse, tales como:
  1. Falta de outras zonas de suxeición en caso de necesidade imprevista.
  2. Unha superficie demasiado lisa ao que hai que engadir a orientación (unha zona sombría) o que co tempo producirá a acumulación de mofo axudando a que a superficie dos pasos da escalinata sexan mais esvaradíos.
  3. Unha superficie moi continua o que pode dificultar a diferenciación dos diferentes chanzos en persoas con discapacidade visual.

Solicitamos ao señor Alcalde:

- Unha varanda no medio da escalinata para facilitar o uso desta e como medio de suxeición no caso de necesidade imprevista
- Unha pegada de seguridade (labrado de marcas na propia escalinata ou feita por outros medios)
- Instalación de bandas sinalizadoras visuais e táctiles para a orientación de persoas con discapacidade visual.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aínda que non estando de acordo con algunhas das medidas tal e como as plantexan. Vai a tomarse en consideración e darlle traslado ao director de obra por si considera oportuno implantar algunha delas.





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

- No paseo Ramiro Recouso aparece na saída do citado lugar unha chapa metálica de considerables dimensións como medida de protección á gabia que transcorre polo lado oeste (lado mais próximo á colexio Campomaio).

Ademais de ser unha medida pouco segura para evitar o perigo que supón o acceso a esa gabia (xa que no alcanza ao límite desa canalización) tendo en conta de que é un lugar frecuentado por nenos e nenas de pouca idade, é ademais un elemento de feísmo para o citado paseo.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Se proceda a substituír a citada chapa metálica por outro tipo de estrutura que mellore as condicións de seguridade e non desluza a contorna.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é unha medida de protección, leva aí dende o inicio. Segundo lle indican é para o uso do paso da maquinaria, para non utilizar xusto por onde van os peatóns. Trasladaráselle á brigada municipal de obras por se hai unha alternativa, mirarase de emendar.

- Debido as queixas recibidas polos donos de cans, que pasean polo parque da Constitución e polo paseo de Ivan Raña, nas que argumentan que os seus animais sofren distintos tipos de afeccións (urticarias, dermatite, vómitos e malestar abdominal) ó frecuentar estas zonas tras ser sulfatadas para a eliminación das malas herbas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

A substitución dos produtos químicos que se empregan actualmente e se usen outros ecoloxicamente sustentables que non resultan tan daniños para o medio ambiente nin para os animais que por alí pasean.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto non é novo, xa o presentaron noutras ocasións. Nunca se lles plantexou nada nesta liña, descoñecen se hai afectados que poidan motivar que é por o tipo de actuacións que fai a brigada de obras ou pola empresa que fai o servizo de limpeza. Tómase en consideración e mirarase á hora de comprar os materiais que non teñan compoñentes daniños para os animais.

Intervén a Sra. Regueiro García, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Fai algunhas semanas, apareceron tirados varios sinais na parroquia de Parada, como por exemplo o sinal de STOP existente no cruce do núcleo do Castro (preto da escola), ou o sinal indicativo do núcleo do Arroio.  
É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

A repoñer a citada sinalización.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está avisada a brigada municipal de obras para a súa comprobación e reposición.

- Na fonte do Sangriño da parroquia de Parada, adoita ser habitual atoparse lixo tirado pola zona.

Evidentemente estamos a falar dun comportamento incívico, mais tamén cabe destacar que na zona non existe ningún colector de residuos ou papeleira.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A instalar sinais de concienciación na zona, lembrando a prohibición de tirar lixo.

A instalar unha papeleira na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a primeira petición dende logo que si, a segunda non por que a romperon ata en tres ocasións como informou a brigada municipal de obras. Teñen que pedir civismo á hora de recoller. Estamos nun entorno rústico. Non van a colocar unha papeleira para que a rompan ou a rouben.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula o rogo seguinte.

- Desde o mes de xuño, resulta habitual atopar na relación de resolucións e decretos de alcaldía, resolucións nas que se notifica a particulares o “incumprimento da lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais en Galiza”, nos seus inmobles.

A priori, trataríase dunha actuación correcta por parte do goberno municipal, se non fose polo estado que presentan algúns inmobles propiedade do concello de Ordes.

O Caso mais salientable, resulta a parcela propiedade do concello de Ordes situada nas inmediacións do Polígono Industrial de Merelle (parcelas con referencia catastral 15060A513012310000LH e en parte 15060A504000140000LZ).

Esta parcela foi obxecto no seu día de controversia dado que nela foi construído, por parte do concello de Ordes, un peche co gallo de efectuar unha permuta cunha parcela situada nas inmediacións da rotonda da Gorita, que ao final non frutificou ante a negativa da propiedade.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

O estado que presenta a día de hoxe o citado inmoble é de total abandono, convertido nunha auténtica ameaza e que manifestamente incumpre a lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais en Galicia.

Aínda por riba, non dispón unicamente de biomasa sen xestionar, se non que nas últimas datas, está sendo empregada como almacén das polas que se están a retirar das podas producidas nos plataneiros da vila, incrementado o citado risco.

Consideramos que unha administración pública, a través do goberno que a xestiona, o primeiro que debe facer é dar exemplo á veciñanza sobre o cumprimento da normativa vixente, no caso que nos ocupa, referente á prevención e defensa dos incendios forestais. Entendemos que de pouco vale notificar case medio cento de incumprimentos nos últimos meses, se logo non se predica en absoluto co exemplo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A rozar e xestionar a biomasa na citada parcela, co gallo de dar cumprimento ao disposto na lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais en Galicia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o peche foi construído con anterioridade ao ano 2015. Non son medio cento de incumprimentos nos últimos meses, son varios centos. Está contratado o desbroce deste perímetro do peche cunha desbrozadora de martelo dende fai un tempo, aínda non puideron vir a executalo, onte mesmo comentaron que o van a facer en breve. Despois procederáse ao remate con medios manuais mecánicos. É unha parcela que é moi xeitosa para a brigada municipal de obras para descargar alí os restos das polas. Hai que recoñecer que agora mesmo non está nunhas condicións adecuadas por que se demorou este traballo. Hai que darlle a razón.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a pregunta seguinte.

- A comezos do mes de setembro, novamente apareceron numerosas aves mortas ou enfermas no encoro de Vilagudín. Esta situación levou mesmo a vedar calquera tipo de actividade de pesca recreativa no citado encoro.

Logo de case dous meses, carecemos completamente de información ao respecto, polo que sería de agradecer que o goberno municipal informase á corporación sobre o resultado das pescudas efectuadas ao respecto, tanto polo



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

propio concello de Ordes, como por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao respecto.

É polo que preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

- ¿Qué actuacións efectuou o concello de Ordes ao respecto?.
- ¿Cal é o resultado das pescudas efectuadas, tanto polo concello de Ordes (de ser o caso), como pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda?.
- ¿Efetuáronse análises sobre as augas do encoro de Vilagudín?. ¿Qué valores presentan?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o encoro de Vilagudín pertence a tres concellos. O de Ordes é o que ten a menor superficie. A maioría das aves estaban no concello de Tordoia. O Concello non fixo ningún tipo de actuación aí máis que ser coñecedor da situación, achegou alí xente da brigada municipal de obras. O control da situación tomouno a Consellería de Medio Ambiente. Pedíuselle onte mesmo, a raíz desta pregunta, un informe que sinala que no momento que se tivo coñecemento do suceso non encoro de Vilagudín o pasado sete de setembro a Consellería de Medio Ambiente desprazou ao lugar dos feitos o seu persoal, co obxecto de facer unha valoración global da situación e das condicións nas que esta se producía, as especies e número de exemplares afectados. Procedeuse á retirada de todos os animais enfermos, cadáveres e outros restos relacionados coa mortalidade detectada para o seu traslado e análise no Centro de recuperación da fauna silvestre de Oleiros. Unha vez non centro procedeuse ao ollamento de animais vivos enfermos e a realización de tomas mostras, necropsias e probas necesarias para a determinación da causa da morte. Procedeuse a manter o operativo cunha frecuencia diaria, ata ter o resultado dos análises practicados e que a mortalidade se vise reducida. A Xunta vedou a pesca no encoro de Vilagudín, no DOG publicouse o 13/09 a resolución pola que se prohibía está práctica deportiva. Dende o pasado sete de setembro da Dirección Xeral de Paisaxe Natural ten coñecemento da constancia de exemplares mortos de gaivota patiamarela na contorna deste encoro. Á vista das primeiras observacións e tendo en conta a experiencia de episodios anteriores similares a viabilidade da dieta desta especie e as condicións metereolóxicas propias do ano nas que tivo lugar suxire unha posible intoxicación. A Consellería mantén as inspeccións na contorna para facer un seguimento da evolución do incidente.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás **vinte** horas e **cinco** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

José Luis Martínez Sanjurjo

(asinado dixitalmente)

**O SECRETARIO**

Juan Luis González Iglesias